

## FOROS

Os Foros introducidos no curso xa están configurados, de forma que todo o alumnado matriculado nel está subscrito forzosamente aos mesmos.

### TIPO DE FOROS:

#### 1. Foro Novas

O foro de novas é un foro especial para anuncios que se crea automaticamente ao tempo que un curso.

Un curso pode ter soamente un foro de novas.

Soamente o profesorado pode comentar no foro de novas e o alumnado non pode contestar.

Sótese empregar para dar avisos ao alumnado sobre recordatorios, novidades,....

#### 2. Foro Dúbdas Unidade Didáctica 1

É un foro aberto no que calquera alumno ou alumna pode comezar un novo tema de debate ou dúbida cando queira.


Este é o foro máis axeitado para responder ás dúbidas do alumnado.

O máis adecuado é ter un Foro de dúbidas para cada Unidade Didáctica ou Bloque Temático.

### EDICIÓN DUN FORO

Estas instrucións están dirixidas a edición do Foro de Novas, pero é aplicable igualmente para calquera outro tipo de Foro.


1. Activar o **Modo Edición**, premendo en **Activar a edición**.



2. Premer o botón **Editar** que aparece a dereita do **Foro Novas**
3. Das opcións que aparecen seleccionar **Editar a configuración**



4. Na xanela que emerxerá, recoméndase só cambiar os dous campos indicados na seguinte imaxe:


A screenshot of the 'Actualizando Foro en Presentación e comunicación' configuration window. The window is titled 'Actualizando Foro en Presentación e comunicación'. Under the 'Xeral' section, there are three main fields: 'Nome do foro \*' with the value 'Foro Novas' and a note 'Pódese cambiar o nome do Foro'; 'Descrición' with the value 'Novidades xerais e avisos' and a note 'Pódese cambiar a descrición do Foro'; and 'Tipo de foro' with the value 'Foro de novas'. There is also a checkbox for 'Presentar a descrición na páxina do curso' which is unchecked. At the bottom, there is a section for 'Anexos e reconto de palabras'.

5. Para gardar os cambios premer o botón que aparece ao final desta xanela **Gardar e volver ao curso**.


## INTERACTUAR NUN FORO.

Para interactuar a través dun Foro débense seguir os seguintes pasos:

1. Premer sobre a palabra **Foro**
2. Premer **Engadir un novo tema.**



3. Cumprimentar os apartados **Tema** e **Mensaxe**



4. Pódese engadir á entrada un **ficheiro** como **Anexo**, para o cal:
  - 4.1. Premer na icona.



- 4.2. Na xanela que aparecerá, seleccionar **Enviar un ficheiro** e premer **Seleccionar arquivo**.
- 4.3. Buscar o arquivo no seu ordenador e premer **Abrir**.
- 4.4. Finalmente premer **Enviar este ficheiro**.



5. Finalmente premer **Comentar no foro**.
6. Aparecerá o tema engadido ao foro e dispónse de varios minutos para editalo.





7. Para editar ou eliminar un tema:
  - 7.1. Premer no título do mesmo, neste caso sería “Interactuar no Foro”.
  - 7.2. Accederase á vista previa do tema engadido.
  - 7.3. Ao final da xanela aparecerá un menú que permite **Editalo** e **Eliminalo**.



Ligazón permanente | Editar | Eliminar | Responder